

BORRADOR DA ORDE DE CONCURSO DE TRASLADOS

MESA SECTORIAL CELEBRADA O 6 DE OUTUBRO DE 2020

A ADMINISTRACIÓN PRESENTA UN BORRADOR DA ORDE QUE REGULARÁ O CXT.

O prazo de presentación de instancias posiblemente sexa do 5 ó 26 de novembro.

Solicitamos aclaración se se vai convocar algún concurso específico. Demandamos que se convoquen concurso específico de Adultos e Concurso Específico de Orientación. Anuncian que **convocarán Concurso de Orientación.**

Dentro da intervención da administración xa se nos adianta que estará regulado por unha orde marco do Ministerio e que a redacción do actual borrador é semellante á orde de fai dous anos. Non obstante, **anunciamos que remitiremos as nosas alegacións por escrito referidas ós aspectos técnicos do concurso pero que son básicamente coincidentes** co resto das organizacións sindicais. Como cuestión procedimental demandamos:

1. Que se **negocien as vacantes** na mesa sectorial e nas Xuntas de Persoal. Está a experiencia previa da **Comisión Técnica de vacantes** que deu bo resultado no sentido de que se trataron e xustificaron as vacantes que se incorporaron ó Concurso Xeral de traslados. Demandamos que se volva a aquel modelo, aínda que somos conscientes de que é necesario definir un **cronograma** que nos sitúe **temporalmente** nas accións que se terían que realizar en cada momento da negociación.
2. Que se coñezan as **vacantes provisionais** no **prazo de presentación** de instancias e que en todo caso, as **vacantes definitivas estean publicadas no prazo de renuncias** e que cada participante poida decidir se renuncia ou non ó concurso, sabendo a totalidade das vacantes que son de cobertura.
3. **Que se cubran as vacantes de xubilacións ata a data máis próxima á finalización do prazo de renuncia ó concurso.** Non ten sentido que só se cubran as xubilacións ata 31 de agosto e aquelas forzosas por idade.
4. Que a instancia do concurso xeral de traslados se poida presentar **telemáticamente.**
5. Que se poidan elevar o número de peticións a **500.**
6. En canto as **vacantes** é unha demanda reiterada vacantes **definitivas de AL para a Etapa de Secundaria** para poder atender as necesidades do alumnado neae dun xeito estable e continuado. Do mesmo xeito, lembramos **que se deben ofertar vacantes para mestres que imparten na ESO.**

7. Novamente solicitamos a **creación dun catálogo para os centros de Secundaria** que axude á organización dos mesmos e á estabilidade dos cadros de persoal docente.
8. **Esta organización quere solicitar que se dea a posibilidade de concursar anualmente á xente que se lle adxudicou unha praza de oficio no CXT.** Outro mal do profesorado galego cando acada un destino definitivo é que tarda outros 10 anos en poder moverse dese destino. Cando a petición é voluntaria, non temos nada que obxectar pero, cando a adxudicación é de oficio sería unha boa opción deixar concursar ó ano seguinte da adxudicación de oficio a este colectivo por se tiveran a posibilidade de achegarse.
9. **En relación ó BAREMO** solicitamos que:
- a. Como noutras ocasións solicitamos a baremación da xente de PES que traballou en CMUS ou en EOI, xa que ofrecen un servizo á administración que debe ser gratificado no pto 1.2.2.
 - b. Se puntúen no 3.3 todas as titulacións que te acreditan para impartir un idioma nas seccións bilingües e non soamente a EOI
 - c. No apartado **3 subir a 15 puntos** a puntuación global de xeito que se prime a cualificación profesional dos docentes e deixar que se puntúen no 3.1 varias titulacións da mesma categoría, ó igual que se fai cos idiomas.
 - d. No apartado 4 que te **puntúen a responsabilidade dos centros de tres unidades**; senón análogo á dirección polo menos no mesmo punto que ó secretario, xefe de estudos ...
 - e. **Que se puntúen no baremo aquelas responsabilidades establecidas pola administración e asumidas polo profesorado. Ós existentes e que non están sendo puntuados engadimos agora ás persoas que conforman os equipos COVID 19 dos centros educativos.**
 - f. Que se recoñeza a labor dos docentes nos **centros de menos de 5 unidades** as dinamizacións de ENL e Biblioteca ó igual que se puntúan as de extraescolares e ciclo. Son traballos que levan moito tempo e existe profesorado moi implicado que non se está vendo gratificado pola súa labor. **E aumentar a baremación ata 20 puntos coma os cargos directivos.**
 - g. **Retirar a puntuación por pertencer a tribunais das oposicións das persoas que foron nomeadas sen sorteo pola administración.**
 - h. **A FeSP-UGT solicita que se fagan públicos os criterios de valoración das publicacións e os motivos de non recoñecemento das mesmas e que se mellore a comisión e o seu funcionamento..**